

Informe técnico sobre as proposicións presentadas no sobre B polas entidades concorrentes na contratación para a prestación do servizo de prevención alleo

O obxecto deste informe técnico é o estudo, avaliación e proposta de puntuación das proposicións presentadas nos respectivos sobres B, coa documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor polas entidades concorrentes, na contratación do servizo para a prestación do servizo de prevención alleo, remitidos o 15 de setembro de 2015 a esta unidade pola Mesa de contratación.

I. Antecedentes:

Os pregos que rexen esta contratación foron aprobados pola Mesa do Parlamento na súa reunión do 21 de xullo de 2015, e publicados no BOPG nº 498, do 23 de xullo. O anuncio de licitación publicouse no DOG nº 153, do 13 de agosto de 2015.

II. Ofertas a estudar:

- Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.
- Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.
- Gerosalud, S.L.

III. Criterios de adxudicación:

Segundo o apartado 16 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, os criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor son os seguintes:

a.- Valor técnico da oferta: de 0 a 28 puntos:

- Medios, procedementos e protocolos de actuación relativos ás prestacións obxecto deste contrato. (de 0 a 14 puntos).
- Calidade profesional do equipo de traballo (acreditada documentalmente): Valoraranse as titulacións a maiores das mínimas esixidas, cursos e actividades profesionais desenvolvidas polos recursos ofertados, directamente relacionadas co obxecto do contrato. (de 0 a 10 puntos).
- Plan de formación anual para o persoal destinatario do servizo: presentarase unha memoria técnica descritiva do plan anual de formación do persoal en materia de prevención de riscos laborais, indicando as materias, contidos e horas de formación ofertadas. (de 0 a 2 puntos).
- Programa anual de actividades de promoción da saúde laboral, programas sanitarios e de asesoramento sanitario que se ofertará, avaliación de riscos, visitas de control de

condicións de traballo, memoria anual, análise e investigación de danos para a saúde e das situacións de emerxencia. (de 0 a 2 puntos).

b.- Melloras: de 0 a 20 puntos

- Probas e protocolos de actuación ofertados para os casos de que os recoñecementos e analíticas realizadas determinen a posible existencia de patoloxías ou enfermidades que fagan necesarias a realización de novas probas e/ou complementarias. (de 0 a 16 puntos).
- Aplicacións informáticas on-line: Valorarase a posta a disposición dunha aplicación informática que permita a xestión das actividades previstas no contrato pola Administración parlamentaria, para a consulta por parte do persoal dos recoñecementos e informes relativos á súa saúde, certificados de aptitude, etc..., e para a impartición da formación obxecto do contrato. (de 0 a 4 puntos).

IV. Determinación da forma de asignación da puntuación:

Segundo co establecido no prego para a valoración de cada un dos apartados clasificaranse as ofertas en tres graos (alto, medio e baixo), distribuindo a puntuación en tres tramos en función de cada grao; dada a puntuación atribuída a cada apartado avaliaranse as proposicións segundo a seguinte subdivisión:

Aspecto a valorar	Máxima puntuación atribuíble	Puntuación atribuíble		
		Baixo	Medio	Alto
Valor técnico da oferta				
Medios, procedementos e protocolos de actuación	14 puntos	1-4	5-10	11-14
Calidade profesional do equipo de traballo	10 puntos	1-3	4-7	8-10
Plan de formación anual	2 puntos	0,5	1	2
Programa anual de actividades	2 puntos	0,5	1	2
Melloras				
Probas e protocolos de actuación no caso de necesidade de realización de novas probas e/ou complementarias.	16 puntos	1-5	6-11	12-16
Aplicacións informáticas on-line	4 puntos	1	2-3	4
Total puntuación máxima	48 puntos			

V. Análise das ofertas presentadas:

- Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.

a) Medios, procedementos e protocolos de actuación.

Detalla deseño e aplicación dos plans de prevención: elaboración do plan, contido, organización formal, participación, información e formación dos traballadores, avaliación de riscos e prioridade na adopción de medidas preventivas adecuadas, planificación, medidas de emerxencia, equipos de protección, investigación de accidentes e enfermidades profesionais, preparación de modelos de comunicación, elaboración de documento co contido do grao de integración na organización do Parlamento da actividade preventiva con resultados e propostas, libro de visitas de seguimento e control.

Valorase a elaboración e utilización de plantillas para informes, comunicacións, informes tipo, libro de visitas, fichas de riscos, enquisas, rexistros, etc..., das mostras achegadas comprobase claridade e concreción, elaboración de tríptico informativo sobre riscos xerais do Parlamento, con información de todas as situacións de risco e preventivas e instrucións de actuación ante emerxencia, e a elaboración de informes epidemiolóxicos, e asesoramento para seguimento de patoloxías detectadas e estudos de conxunto de postos e persoal especialmente sensible.

A avaliación de riscos realizarase segundo metodoloxía INSHT (método binario, mediante cálculo de probabilidades e posibles consecuencias) en base a información obtida dos traballadores, Parlamento e observación do avaliador. Achega modelo de informe. Moi detallado.

Elaboración de informe de integración da prevención na organización do Parlamento e de clima laboral.

Amplía en dúas horas (de 8,00 a 15,00 horas, en lugar do mínimo esixido no PPT -9,00 a 14,00) a cobertura horaria presencial do servizo médico. De 16,00 a 20,00 será atención telefónica.

Realización de recoñecementos e recollida de mostras para análises na sala de enfermería do Parlamento ou, a elección do traballador, nas instalacións de Mugatra en Santiago (Vía Pasteur, Polígono do Tambre).

No mes de agosto o servizo do médico xestionarase desde o centro Mugatra en Santiago (Vía Pasteur, Polígono do Tambre), de 7,30 a 15,00 horas.

O servizo de fisioterapia se realizaría nas instalacións en c/ Xaime Quesada, en Santiago).

Valoración global: En xeral a oferta detalla amplamente os pasos, procesos, procedementos, documentación, etc., dos distintos plans e actividades obxecto da prestación, o que facilitará o seguimento da execución do contrato. Se valora tamén positivamente a ampliación do horario do servizo médico.

Valorase negativamente que expresa de forma xenérica a disposición do material e instrumental necesario, pero relaciona un equipamento técnico que se considera escaso: tensiómetro, tallímetro, báscula, control-visión, espirómetro, electrocardiograma, sillóns, cabina audiométrica nas instalacións de Mugatra, pero non no Parlamento (as probas de audiometría realizaranse con equipo portátil).

Grao: Alto

Puntuación: 11

b) Calidade profesional do equipo de traballo.

Declara e acredita diversos méritos dalgún persoal involucrado na prestación do servizo (médico a DUE suplentes -ambos especialistas en medicina do traballo-, e dos técnicos en prevención de riscos laborais, e os seus suplentes);

Non declara ningún mérito a maiores do establecido para a acreditación de solvencia do sobre A do persoal de desenvolverá presencialmente a súa actividade nas instalacións do Parlamento (médico e DUE).

Valoración global: se ben son avaliados positivamente os méritos declarados do persoal suplente, e a cantidade de técnicos especialistas postos a disposición, bótase en falta a declaración e acreditación de méritos (a maiores do esixidos nos pregos) do persoal que desenvolverá diaria e directamente o servizo médico e de enfermería nas instalacións do Parlamento.

Grao: Baixo

Puntuación: 3

c) Plan de formación anual.

Ofrece a totalidade da guía formativa de Mugatra (dispoñible na web), composta por máis de 2000 cursos, da que unicamente merecen ser avaliados os cursos aplicables ao tipo de persoal do Parlamento que é obxecto de contrato e delegados de prevención, e integrantes do Comité de seguridade e saúde; ou sexa, os referidos a prevención de riscos xenérico -30 horas-, e prevención de riscos específicos (para persoal de oficina - 1,30 horas-, mantemento -3 horas-, e condutores -10 horas-), extinción de incendios e primeiros auxilios.

Valoración global: Se valoramos unicamente a oferta dos cursos axeitados ao persoal do Parlamento obxecto da prestación, é unha oferta simplemente correcta, o mínimo esixible.

Grao: Baixo

Puntuación: 0,5

d) Programa anual de actividades.

Campañas de sensibilización e educación para a prevención: anualmente, simple entrega de información ao facer o recoñecemento médico; declaración demasiado xenérica e inconcreta.

Memoria anual de actividades preventivas (análise e revisión da organización do Parlamento, revisión procedementos, análise documentación, asesoramento, accidentes e enfermidade investigados, revisión plans de emerxencia,..). Xunto coa Memoria anual entregarase documento co contido de grao de integración da actividade preventiva na organización do Parlamento, accións de mellora ou correctivas.

Simulacro anual de evacuación, con ensaios previos sectoriais para que o persoal coñeza o plan; se valora positivamente.

Vixilancia da saúde: os técnicos de prevención elaboran fichas cos riscos propios de cada posto e médico de traballo diseña o recoñecemento axeitado; en función dos resultados pode requirirse a remisión a especialistas; emisión de certificado de aptitude médico-laboral. As probas que se realizarán se valoran no seguinte apartado.

Valoración global: Cronograma claro e detallado de actividades anuais, diferenciando entre actividades programables (que inclúen vistas quincenais e datas concretas de realización) e actividades non programables (aínda que existe compromiso de atención en prazos determinados e curtos, que ademais se explicitan).

Grao: Alto

Puntuación: 2

e) Probas e protocolos de actuación no caso de necesidade de realización de novas probas e/ou complementarias.

Clasifica as probas que se realizarán ao persoal obxecto do contrato e tres tipos: protocolo xeral (segundo o PPT), protocolos específicos de cada posto de traballo, e exploracións e técnicas ou analíticas especiais adicionais. Bastante detallado.

Valoración global: A pesar da ampla relación de probas, algunhas son innecesarias dado o perfil dos postos de traballo no Parlamento, e parece someter a criterio médico a realización de recoñecementos urolóxicos e xinecolóxicos, aínda que son esixibles segundo PPT.

Grao: Medio

Puntuación: 6

f) Aplicacións informáticas on-line.

Plataforma on-line para realización de cursos de formación.

Posibilidade de acceso aos resultados de recoñecementos médicos mediante acceso individual e confidencial á web de Mugatra (acceso mediante claves).

Portal web para xestionar as actividades propostas, consulta de recoñecementos, certificados de aptitude, informes,...

Valoración global: o Parlamento poderá xestionar telemáticamente a consulta e descarga de certificados, documentos, informes, etc...

Grao: Medio

Puntuación: 3

- **Universal Prevención y Salud. sociedad de prevención. S.L.U.**

a) Medios, procedimientos e protocolos de actuación.

Detalla deseño e aplicación dos plans de riscos, avaliación de riscos, plan anual de actuación preventiva, información e formación aos traballadores

Elaboración e distribución de tríptico sobre riscos xerais do Parlamento; valoración de efectividade de integración de actividades, asesoramento e realización de campañas de sensibilización e educación para prevención de riscos, controis de eficacia, seguimento e análise de siniestralidade.

Se valora positivamente a especial referencia á protección da maternidade, con actuacións específicas, e persoal especialmente sensible

Detallada descrición das actividades e xestión a desenvolver na vixilancia da saúde: análise, recollida de información, elaboración de perfil con descrición de postos e riscos, elaboración de plan anual con cronograma de actuacións, entrega conclusións sobre aptitude dos traballadores, ...

Exames de saúde realizaranse nas propias instalacións do Parlamento, os recoñecemento xinecolóxicos e urolóxicos no Policlínico La Rosaleda, en Santiago.

Contido dos recoñecementos: coinciden basicamente co esixido no PPT; analíticas incorporan incluso máis parámetros que os esixidos nos PPT. Contido detallado dos recoñecementos xinecolóxicos e urolóxicos.

No mes de agosto o servizo do médico xestionarase, de atopar médico co perfil esixido, nas propias instalacións do Parlamento (simple declaración de intencións, non un compromiso esixible), no seu defecto a través do Policlínico La Rosaleda, de Santiago.

O servizo de fisioterapia se realizaría nas instalacións do Parlamento de Galicia.

A avaliación de riscos realizarase segundo metodoloxía INSHT (método binario, probabilidades e consecuencias).

Valoración global: Valorase moi positivamente a relación, moi detallada (que permitirá un periódico inventario e seguimento), do material e instrumental necesario con que se dotará tanto o servizo médico como para a realización das tarefas de fisioterapia, ambos no propio Parlamento; destaca instrumental cirúrxico, set de intubación, cabina para audiometría, ecógrafo, accutrent colesterol, doppler vascular, holter, equipo de tracción vertical, ultrasonidos, lámpada biotérmica, equipo presoterapia, equipo eletroacupuntura, equipo de laserterapia, lámpada de wood, ...:

Grao: Alto

Puntuación: 13

b) Calidade profesional do equipo de traballo.

Declara e acredita unha moi completa formación e experiencia do persoal encargado da prestación do servizo (médico, DUE e técnico de prevención de riscos).

Valoración global: Destaca a formación e o tempo acreditado en actividades profesionais desenvolvidas directamente relacionadas con obxecto do contrato; é, sen dúbida, a mellor oferta neste punto.

Grao: Alto

Puntuación: 10

c) Plan de formación anual.

Oferta de formación presencial e teleformación. Ofertase cursos de riscos específicos para postos de traballo (1 hora): persoal administrativo, uxieres, mantemento, chóferes, curso básico de prevención (30 horas), primeiros auxilios (3 h.), iniciación a pilates (2 h.), iniciación ao stretching (2 h.), campos electromagnéticos (2 h.)

Valoración global: Oferta correcta, valorando positivamente os tres últimos cursos, que se entenden que non son unha esixencia mínima polo perfil dos postos.

Grao: Medio

Puntuación: 1

d) Programa anual de actividades.

Campañas de sensibilización e educación para a prevención: risco cardiovascular, tabaquismo, alteracións muscoesqueléticas, hábitos saudables, prevención do cancro, campos electromagnéticos. Detalla contidos, datas de realización e duración.

Valoración global: Detallado plan anual de actividades preventivas que inclúe elementos a desenvolver, accións, e datas concretas de realización; permitirá un estrito seguimento da execución do contrato.

Grao: Alto

Puntuación: 2

e) Probas e protocolos de actuación no caso de necesidade de realización de novas probas e/ou complementarias.

Relación de probas ou protocolos complementarios a realizar en caso de posible existencia de patoloxías ou enfermidades determinadas polos recoñecementos a analíticas: seguimento de tensión arterial e alteracións cardíacas e, no seu caso derivación a cardiólogo, consulta ao otorrino no caso de hipoacusias, derivación ao optometrista ou oftalmólogo no caso de problemas de agudeza visual, consulta co neumólogo ou alergólogo no caso de alteracións espirométricas, incluído realización de placas de tórax e TAC segundo proceda, consulta co especialista que proceda segundo alteracións nas analíticas, consulta co traumatólogo no caso de alteracións

muscoesqueléticas, densiometría ósea por risco de osteoporose; cooximetría e seguimento do abandono do tabaco; diagnóstico de patoloxías dermatolóxicas (con dotación extra de aparello-lámpada de wood); dietas personalizadas segundo patoloxías, outros test para determinación de patoloxías (mini mental 35, teste de pfeiffer, testo de lobo, test TIG-2, etc...)

Valoración global: En xeral considerase unha moi completa relación e detalle de probas complementarias, aínda que sería desexable que establecera índices ou parámetros obxectivos baixo os cales, de cumprirse, darían lugar automaticamente a derivación o consulta de especialista ou realización de novas probas.

Grao: Alto

Puntuación: 14

f) Aplicacións informáticas on-line.

Aplicación FARO, para definición de postos (riscos, produtos utilizados, ficha información,...), avaliación de riscos, riscos específicos, medidas de control,.. Licenza para tres usuarios.

Aplicación AXAPTA: para controlar actividades de medicina do traballo. Para uso exclusivo do servizo médico, non pola Administración do Parlamento; non se valora.

Plataforma de formación on-line (aula virtual) para xestionar acceso do traballadoras á formación de riscos e integración na intranet do Parlamento, e permite tamén a xestión por parte do Parlamento de control de actividade formativa.

Valoración global: o Parlamento poderá xestionar telemáticamente parte das prestacións obxecto do contrato para os efectos de consulta e descarga de documentos, informes, etc...

Grao: Medio

Puntuación: 3

- **Gerosalud, S.L.**

a) Medios, procedementos e protocolos de actuación.

Consulta psicolóxica en caso de mobbing.

Relaciona estrutura, elaboración e revisión do plan de prevención, planificación da actividade preventiva, control, seguimento e verificación, elaboración de documentos, de forma sucinta.

Ergonomía e psicosocioloxía: Avaliacións específicas segundo os postos de medición de niveis de iluminación; uso de pantallas de visualización de datos, confort térmico, carga física, relacionados coa organización do traballo e riscos psicosociais, acoso laboral, hixiene industrial.

Contido dos exames médicos: basicamente relaciona o establecido no PPT; se comunicará co persoal, organizará e planificará datas, horarios e quendas e citará por escrito.

A vixilancia e control de saúde levarase a cabo nas propias instalacións de Gerosalud, S.L. en Santiago (rúa Xaime Quesada), non nas instalacións do Parlamento.

Entregará resultados das probas dos recoñecementos médicos no prazo de sete días.

Durante o mes de agosto a presenza do médico no Parlamento levarase acabo nas instalacións de Gerosalud, S.L. en Santiago (rúa Xaime Quesada) de 8,00 a 21,00 ou ben mediante asistencia telefónica.

O servizo de rehabilitación levarase a cabo nas instalacións de Gerosalud, S.L. en Santiago (rúa Xaime Quesada).

Sobre recursos materiais a disposición da prestación do servizo, fai un relatorio do contido das súas propias instalacións en Santiago (rúa Xaime Quesada), pero non hai declaración expresa sobre a dotación da sala de enfermería do Parlamento.

Valoración global: en xeral a oferta se limita a facer unha descrición xenérica, ou directamente copiada dos pregos, dos diversos aspectos da prestación do servizo; se valora positivamente a consulta psicolóxica en caso de mobbing, as avaliacións específicas e compromiso de entrega de resultado de probas en sete días, pero non se estima suficiente para evitar unha valoración global baixa.

Grao: Baixo

Puntuación: 4

b) Calidade profesional do equipo de traballo.

Relata equipo profesional das instalacións en Santiago; non aporta anexo VI nin acredita titulacións a maiores da esixida, cursos e actividades profesionais desenvolvidas directamente relacionadas co obxecto do contrato dos recursos ofertados.

Valoración global: Neste apartado non se ofrece nada que poida ser obxecto de avaliación.

Grao: Sen valorar.

Puntuación: 0

c) Plan de formación anual.

Detallado plan de formación que inclúe os seguintes cursos: básico de prevención de riscos (30 h.), embarazo, lactación e traballo (2 h.), prevención de riscos de incendios e emerxencias (4 h.), primeiros auxilios (4 h.), prevención riscos asociados a pantallas (4 h.), escola da espalda (20 h.), avaliación e xestión de riscos psicosociais (4 h.), seguridade vial laboral (4 h.), xestión do estrés laboral (4 h.); todos con periodicidade trimestral ou semestral e con datas concretas de realización, e concreción de temarios.

Valoración global: A mellor e máis completa das ofertas presentadas.

Grao: Alto.

Puntuación: 2

d) Programa anual de actividades.

Elaborará memoria anual de actividades preventivas e realizaranse diferentes campañas divulgativas sobre hábitos saudables.

Detallado plan de actuación sobre identificación de emerxencias, primeiros auxilios e realización de simulacros, de carácter anual.

Elaborará memoria anual da medicina do traballo e vixilancia da saúde

Valoración global: Simplemente correcta.

Grao: Media

Puntuación: 1

e) Probas e protocolos de actuación no caso de necesidade de realización de novas probas e/ou complementarias.

En función da necesidade determinada por recoñecementos ou analíticas previas realizaranse: detección da *Helicobacter pilory*, densiometría a mulleres postmenopausicas e risco de osteoporose, radiografías tórax, consulta especialista en traumatoloxía, dermatoloxía otorrinolaringoloxía, cardioloxía e radiografías osteoarticulares.

Valoración global: Aceptable relatorio de probas complementarias, aínda que bótase en falta unha descrición máis concisa de en qué supostos se realizarán e se valora negativamente que restrinxan ao criterio médico da propia entidade e, na maioría dos casos, supeditada a que os trastornos previos existan, nun proceso agudo, no momento da realización do recoñecemento médico.

Grao: Medio

Puntuación: 7

f) Aplicacións informáticas on-line.

Pon a disposición: unha plataforma de xestión on-line a través dunha url, para que o persoal acceda á historia, recoñecementos médicos e analíticas, recomendacións, pedir citas, fichas de riscos do posto de traballo, etc...; plataforma de teleformación para realización de cursos. Acceso a informes sobre prevención de riscos a través de sistema visor web, mediante código de acceso persoal.

Valoración global: o Parlamento poderá xestionar telemáticamente a maior parte das prestacións obxecto do contrato, polo menos para os efectos de consulta e descarga de documentos, informes, etc...

Grao: Medio

Puntuación: 3

VI. Resumo da puntuación atribuída ás ofertas presentadas:

Aspecto a valorar	Máxima puntuación atribuíble	Puntuación atribuída		
		Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.	Gerosalud, S.L.	Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.
Valor técnico da oferta				
Medios, procedementos e protocolos de actuación	14	11	4	13
Calidade profesional do equipo de traballo	10	3	0	10
Plan de formación anual	2	0,5	2	1
Programa anual de actividades	2	2	1	2
Melloras				
Probas e protocolos de actuación no caso de necesidade de realización de novas probas e/ou complementarias.	16	6	7	14
Aplicacións informáticas on-line	4	3	3	3
Total puntuación máxima	48	25,5	17	43

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2015.



Javier Freire González
Xefe do Servizo de Réxime Interior



Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior